

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE ECONOMIA, EMPREGO E INDUSTRIA E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO DE GALICIA PARA APOIAR A ESTRUCTURA E O FUNCIONAMENTO DESTA ENTIDADE

En Santiago de Compostela, a 02 de outubro de 2018

REÚNENSE

Francisco José Conde López, actuando en representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en virtude das facultades que, para vincularse neste acto, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia e o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

José Ángel Lorenzo Ramírez, actuando en representación da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia (en diante FCTGG), en virtude das facultades conferidas por delegación del Presidente do Padroado da FCTGG o 27 de setembro de 2017, con domicilio en Ribeira-Torneiros, s/n, no Porriño (Pontevedra) e C.I.F. G-36.346.203.

EXPOÑEN

As partes recoñécense mutua e respectivamente a capacidade suficiente para asinar este convenio de colaboración.

PRIMEIRO.- Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria, por medio da Dirección Xeral de Enerxía e Minas ten, entre outras, as funcións sinaladas no Decreto 175/2015 de "*fomento da minería*". Estas funcións concretanse, entre outras, no impulso de "*plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia*". No mencionado Decreto, tamén se establece a función de "*a difusión social da importancia da actividade mineira e a posta en valor do patrimonio xeolóxico-mineiro da comunidade*" dentro do ámbito das funcións de "*fomento da minería*".


SEGUNDO.- Que a FCTGG foi clasificada como de interese industrial pola Orde do 28 de xaneiro de 2004 e que foi declarada de interese galego pola Orde do 23 de febreiro de 2004 e ordénase a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Así mesmo, no Artigo 4º dos estatutos da FCTGG establécense o seu obxecto e as súas funcións que poden aliñarse coas funcións descritas no expoñendo PRIMEIRO anterior. En concreto, segundo o establecido no artigo 4.1, deses estatutos, "*o obxecto principal da FCTGG é contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade da industria do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios, preferentemente en Galicia, para iso a Fundación traballará nos ámbitos dos procesos, os produtos, o marketing e a organización así como o seu control de calidade no sector da pedra natural e os seus sectores complementarios, preferentemente en Galicia*".

No artigo 4.2 dise: “*Así mesmo, outros fins específicos da Fundación son:*”

- *A promoción e defensa dun desenvolvemento sustentable do sector da pedra natural; preferentemente dos axentes do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios en Galicia.*
- *A prestación do apoio tecnolóxico necesario para contribuír á internacionalización das empresas do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios; preferentemente aquelas emprazadas na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *impulso da innovación en mercadotecnia de produtos e servizos relacionados coa pedra natural para fortalecer a posición competitiva das empresas do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios, preferentemente das empresas emprazadas na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *A formación, orientación e asistencia tecnolóxica a entidades particulares, traballadores, empresas e calquera outro axente do sector da pedra natural e dos seus sectores complementarios; preferentemente aqueles radicados en Galicia.*
- *A mellora e innovación en materia de prevención de riscos laborables e de vixilancia da saúde no sector da pedra natural e dos seus sectores complementarios; preferentemente en Galicia.*

Finalmente, no artigo 4.3 detállanse as actividades fundacionais deste xeito: “*A Fundación, para o logro efectivo do seu obxecto e dos seus fins, levará a cabo, mediante o Centro Tecnolóxico do Granito, entre outras, as seguintes actividades:*”

- 
- a) *A realización de proxectos de investigación fundamental ou industrial, desenvolvemento e innovación tecnolóxica propios ou en cooperación con empresas, universidades e centros públicos de investigación ou outras entidades, co obxectivo de xerar e difundir coñecemento tecnolóxico.*
 - b) *A realización de proxectos de I+D+i contratados directamente por empresas ou outras entidades de natureza xurídica privada, sexan ou non do sector da pedra natural ou dos seus sectores complementarios, que permitan maximizar a aplicación do coñecemento xerado polo Centro.*
 - c) *A realización e tramitación de proxectos sectoriais que potencien a competitividade e a innovación do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios, preferentemente en Galicia.*
 - d) *A realización de servizos de asesoramento tecnolóxico que non se achen estandarizados, tales como: diagnósticos tecnolóxicos, estudos de viabilidade técnica e outros de similares características.*
 - e) *A atención ás necesidades tecnolóxicas e de competitividade das entidades e empresas que o requiran, prestando servizos de asistencia técnica, como a formación técnica especializada, a vixilancia e prospectiva tecnolóxica e de mercado, así como difusión de información e outros servizos análogos vinculados á xestión do coñecemento, a tecnoloxía, a innovación e a competitividade. Exclúense desta categoría as actividades*
- 



de formación, difusión e servizos tecnolóxicos estandarizados e repetitivos, como ensaios e certificación contra normas con dilatado período de vixencia.

- f) A colaboración na transferencia de resultados de investigación entre os organismos públicos e privados de investigación e as empresas, xa sexan pertencentes ao sector da pedra natural e os seus sectores complementarios ou non o sexan.*
- g) O fomento e desenvolvemento de investigación cooperativa entre empresas, especialmente PEMES, xa sexan pertencentes ao sector da pedra natural e os seus sectores complementarios ou non o sexan.*
- h) A transferencia de tecnoloxía ao sector empresarial e a promoción nas empresas da propiedade industrial e intelectual.*
- i) O impulso á creación de empresas de base tecnolóxica e a súa consolidación no mercado.*
- j) A difusión de información, coñecemento, oportunidades tecnolóxicas e boas prácticas de interese para a mellora da competitividade empresarial, especialmente, pero non exclusivamente, no sector da pedra natural e os seus sectores complementarios.*
- k) O fomento da integración das empresas, especialmente pequenas e medianas, en redes e foros de interacción permanentes tanto nacionais como internacionais, que posibiliten a internacionalización, a mellora dos procesos de aprendizaxe das organizacións e a participación en plataformas tecnolóxicas.*
- l) A realización de actividades de formación, difusión e servizos tecnolóxicos estandarizados (ensaios, certificacións, etc.)*
- m) Calquera outras actividades cuxos resultados sexan mellorar o coñecemento tecnolóxico e, a través da súa aplicación, o nivel tecnolóxico e competitivo das empresas e poidan contribuír desta maneira á creación de emprego, á mellora da calidade de vida, ao desenvolvemento sustentable e ao crecemento económico e social”.*

A FCTGG, a través das súas áreas de traballo, ademais de contar cunha gran experiencia no desenvolvemento de proxectos de interese para o sector e de desenvolver varios traballos preliminares que servirán de punto de partida no desenvolvemento das actividades ao amparo deste convenio, conta cos medios materiais (bases de datos especializadas sobre a materia, equipamentos técnicos específicas, instalacións idóneas para a realización das análises de laboratorio requiridos, etc.) e persoais (equipo de profesionais adscritos ás súas áreas de traballo e que contan que os coñecementos e experiencia necesaria na materia) adecuados.

Ademais, estes estudos e traballos técnicos contaron coa colaboración da Asociación Clúster do Granito como ente profesional sectorial e alifáronse co plan estratéxico sectorial e poden ser útiles para a realización das actividades ao amparo do presente convenio.

TERCEIRO.-O sector da "Pedra Natural" de Galicia, no que se inclúe o granito, é un sector tradicional da economía galega considerado estratéxico nos diversos plans e estratexias que, co horizonte 2020, están deseñados pola Xunta de Galicia:

- Axenda de Competitividade de Galicia Industria 4.0

- Estratexia de Especialización Intelixente RIS3.
- Plan de internacionalización da empresa galega 2020.
- Axenda 20 para o emprego.

CUARTO.- Galicia é a rexión española con maiores recursos en canto materias primas, variedade de produtos e tradición na explotación e tratamento da pedra natural. Concretamente, a industria graniteira galega é, despois da italiana, a máis importante de Europa e a quinta do mundo. A industria da pedra en xeral baseou a súa vantaxe competitiva, nos últimos anos, nuns custos inferiores de produción e unha produtividade superior aos seus competidores principais, así como por desenvolvementos tecnolóxicos e certa automatización dos seus procesos produtivos. Dita vantaxe competitiva veu fortemente ameazada pola dinámica actual do sector, caracterizado por ser un sector cun compoñente de internacionalización moi alto. Polo que é necesario incrementar de maneira continuada a competitividade das súas empresas.

É un feito constatable a necesidade de mellorar a posición competitiva dos materiais extraídos ou elaborados en Galicia desenvolvendo políticas de calidade, innovación e competitividade que, a través da innovación proceso-produto, do márketing técnico, das accións de promoción e da vixilancia tecnolóxica, sexan percibidos e valorados polos mercados domésticos e internacionais.

Asemade, está contrastada a necesidade do sector do granito de Galicia de responder a retos estratéxicos nos eidos da prevención de riscos laborais (en concreto, nos ámbitos do po de sílice e do ruído) e do desenvolvemento sostible co obxectivo de minorar os obstáculos para mellorar a competitividade do sector galego no seu conxunto.

Finalmente, a minaría de Galicia, en concreto a minaría de rocha ornamental, está a sufrir as consecuencias dunha pésima imaxe pública que tamén supón unha dificultade para o desenvolvemento do sector graniteiro en Galicia.

QUINTO.- Que en total aliñamento co expoñendo CUARTO, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o sector granitero teñen como interese común coincidente potenciar e consolidar a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia ao través do presente convenio co obxectivo de contribuír a sufragar gastos de estrutura e funcionamento desta entidade.

SEXTO.- Que como se pode deducir do manifestado nos puntos anteriores, en cumprimento do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral, xa que se pretende “...contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade da industria do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios, particularmente en Galicia...” ao través da contribución ao mantemento da estrutura e o funcionamento da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia.

Así mesmo, o feito de que o convenio teña como beneficiario á FCTGG, que é un ente de carácter técnico e profesional orientado a “...contribuír ao fortalecemento, potenciación,



crecemento e mellora da competitividade da industria do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios, particularmente en Galicia..."e que é socio técnico da Asociación Clúster do Granito, entidade profesional do sector granitero galego, supón que non proceda a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento do presente convenio.

SÉTIMO.- Que a tal fin, para o desenvolvemento do presente convenio, tramitouse unha modificación orzamentaria, por acordo do 02.08.2018 do Consello da Xunta de Galicia. O crédito aparece na aplicación orzamentaria 09.20.734A-481.1 Código de Proxecto 2016 00371 para levar a cabo o "Convenio coa Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia" por un importe de 120.000,00 €. Este crédito farase efectivo como subvención directa, consonte ao concepto de subvención pública previsto no artigo 2 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro e no artigo 2 da Lei 9/2008, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Atopando a súa xustificación no interese económico e social que a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia ten para desenvolver proxectos sectoriais como única entidade que existe na Comunidade Autónoma especializada no sector graniteiro.

Por todo o que antecede as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten como obxecto determinar o marco de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia para a consolidación desta entidade ao través da contribución ao financiamento dos seus gastos de funcionamento e estrutura.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e a data límite de xustificación do convenio.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

Con este fin a axuda que corresponde a cada investigador poderá dedicarse a algún dos seguintes conceptos:

- a. **Recursos humanos:** gastos de persoal incluíndo o persoal fixo e temporal.
- b. **Aprovisionamentos:** compra de material funxible, compoñentes precisos, subministracións e produtos similares para as tarefas e servizos técnicos prestados pola FCTGG.
- c. **Outros gastos de explotación** neste capítulo inclúense partidas como servizos tecnolóxicos externos, arrendamentos e canons, reparacións e conservación, servizos de profesionais independentes (como asesoría contable-fiscal, asesoría xurídica,..), transportes y

mensaxeira, publicidade e propaganda, primas de seguros, servizos bancarios e similares, outros gastos financeiros, enerxía e outras subministracións, outros servizos de explotación (como por exemplo estadias, viaxes, dietas ou material de oficina,...), outros tributos.

- d. **Material inventariable:** adquisición de equipos e instrumental precisos para a realización das actuacións ao amparo deste convenio.

Tamén se consideran neste concepto as licenzas e renovacións de licenzas de software específicas para o desenvolvemento do proxecto.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable para o beneficiario.

TERCEIRA.-OBRIGAS DA FCTGG

A FCTGG levará a cabo as actuacións obxecto do convenio que se describen con detalle no anexo I ao mesmo.

Así mesmo a FCTGG deberá cumprir cos seguintes requisitos ou obrigas:

- 
- A. Destinar o importe do financiamento do presente convenio ao obxecto e finalidade que se contén no mesmo no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 28 de decembro de 2018.
 - B. Comunicar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
 - C. Facer constancia expresa da colaboración da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, incluíndo a imaxe corporativa institucional que esta lle facilite, en toda información e publicidade da actividade obxecto do convenio, difundíndoa de maneira adecuada e situándoa en lugar destacado e visible, de maneira suficientemente perceptible.
 - D. Proceder ao reintegro, total ou parcial dos fondos percibidos e dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
 - E. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
 - F. As obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
 - G. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a beneficiaria está obrigada a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- 

Doutra banda, a FCTGG, mediante á sinatura do presente convenio:

- A. Declara responsablemente non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- B. Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 da Regulamento da Lei 9/2007.

CUARTA.- OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, por medio da Dirección Xeral de Enerxía e Minas entregará á Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, en función do orzamento sinalado, a cantidade de CENTO VINTE MIL EUROS (120.000,00 €) para a anualidade 2018, con cargo á partida orzamentaria 09.20.734A-481.1 Código de Proxecto: 2016 00371 "Convenio coa Fundación Centro Tecnolóxico do Granito", para levar a cabo as actuacións descritas da cláusula anterior.

Calquera modificación das cláusulas do presente convenio deberá ser solicitada á consellería, quen decidirá sobre a súa procedencia, e no caso de aceptarse se levará a cabo á súa formalización mediante a correspondente "addenda", consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que o orzamento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

QUINTA.- CONDICIÓNES DE PAGAMENTO

En consonancia coa duración do convenio e conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria estipulada neste convenio será aboada, previa xustificación dos gastos e pagos realizados pola totalidade do gasto previsto para esta anualidade.

De non xustificar o importe total por parte da beneficiaria, a Consellería de Economía, Emprego e Industria minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

Por resolución motivada da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, poderá autorizarse un anticipo, naqueles casos en que o investimento esixa pagamentos inmediatos de acordo co artigo 63 do Decreto 11/2009. A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007.

A suma dos pagos á conta e os anticipos non poderá superar o 80% da subvención, debendo quedar sempre un 20% que se aboará no momento da completa xustificación por parte do beneficiario e tras a comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas cláusulas do convenio.

En concreto, o plan de pagamentos responderá á seguinte programación:

- Un primeiro pagamento, en concepto de anticipo, por importe de VINTE CATRO MIL SEISCENTOS EUROS (24.600,00 €), unha vez asinado o convenio.
- Pagamentos a conta mensuais. En calquera caso, o monto total de pagamentos mensuais, liquidables dentro do período de vixencia deste convenio, non poderá sobrepasar o importe de SETENTA E UN MIL CATROCIENTOS EUROS (71.400,00 €), que completará o 80% de pagos a conta e anticipo.
- Un derradeiro pagamento polo importe de VINTE E CATRO MIL EUROS (24.000,00 €) ao concluír os traballos obxecto do convenio e xustificar a totalidade da axuda na forma e cos requisitos previstos na súa cláusula SEXTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN.

A realización dos citados pagamentos parciais á conta e anticipados está exenta da constitución de garantías por parte da Fundación de acordo co artigo 65.4 b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

SEXTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

A data límite para a presentación da correspondente xustificación da realización das actividades do presente convenio para o ano 2018 será o 31 de decembro de 2018. Admitiranse os xustificantes de gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.

A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase, segundo o sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, mediante a achega da seguinte documentación:

- A. Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.
- B. Declaración responsable do rendemento da conta xustificativa segundo o modelo recolleito no Anexo I do presente convenio que inclúa o seguinte:
 1. Unha Memoria explicativa das actuacións desenvoltas pola FCTGG durante a anualidade de 2018.
 2. Unha Memoria Económica xustificativa do custo imputado ás actividades realizadas ao abeiro deste convenio que conterà:

- a. Unha relación, por orde cronolóxica, clasificada dos gastos e investimentos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable da entidade. (Ademais do formato pápel entregárase formato Excel).
- b. Orixinais ou fotocopias compulsadas dos documentos acreditativos do investimento ou actuación consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente.

Os documentos de gasto ordenaranse seguindo a mesma orde que a indicada na relación clasificada dos gastos.

As facturas e xustificantes de gasto deberán reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no Real Decreto 1619/2012 relativo ás obrigacións de facturación:

- Deberá identificarse correctamente tanto o destinatario dos bens ou servizos como o obrigado a expedir a factura, incluíndo as súas correspondentes razóns ou denominacións sociais, números de identificación fiscal e domicilio.
- O concepto da factura deberá ser claro e relacionado coa actividade subvencionada, describindo as operacións e a data de realización das mesmas.
- Deberá poderse identificar o tipo impositivo ou tipos impositivos aplicados ás operacións.
- Finalmente, deberá poderse identificar a cota tributaria repercutida, que deberá consignarse por separado.

En calquera caso, o importe xustificar de cada factura será o valor total da mesma sen IVE. Para poder incluír o IVE como gasto financiable, o beneficiario deberá presentar o correspondente Certificado de estar exento do pago do IVE.

Cada documento xustificativo achegado deberá conter un selo da entidade no que se indique a imputación do gasto ao proxecto subvencionado. Para isto deberá indicarse como mínimo: Nome da entidade subvencionada, nome do convenio ou orde reguladora da subvención e contía imputada.

Se as facturas están en idioma distinto do galego ou español, deberase achegar tradución da descrición do servizo, subministración ou outro tipo de gasto que corresponda, debéndose axustar as facturas aos requisitos que esixa a lexislación de cada país estranxeiro.

- c. Para a xustificación dos gastos de persoal deberá entregarse:
- Para as retribucións: Nóminas e contratos de traballo.
 - Para as cotas da Seguridade Social: Modelos TC1/ TC2 da TGSS.
 - Xustificación bancaria do pago das nóminas e do pago da Seguridade Social.

- No seu caso, indicación da % de imputación desta partida ao obxectivo deste convenio.

Para a xustificación dos importes da nómina do mes de decembro de 2018 na data estipulada do 21 de decembro será suficiente coa presentación do documento de gasto por este concepto (recibo de nómina ou similar) no que se reflicta o importe devindicando para ese período de decembro de 2018.

Ademais, a Fundación CTG estará obrigada a presentar os documentos acreditativos da liquidación da nómina do mes de decembro de 2018 coa data límite de 15 de xaneiro de 2019.

Os importes das cotas de seguros sociais dos meses de novembro e decembro do ano 2018 serán admitidas para a xustificación do convenio coa presentación do documento de gasto en que se reflicta o importe da cotización devindicada, quedando a Fundación CTG obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación ata o 15 de xaneiro de 2019 e ata o 15 de febreiro de 2019 respectivamente.

- 
- d. Orixinal ou copia compulsada da documentación bancaria dos pagos (excepción feita daqueles documentos dos que a empresa non custodia orixinais-cheques). Presentarase adxunto a cada documento de gasto o seu correspondente documento de pago e o extracto bancario onde figure o cargo correspondente.
 - e. No caso de que exista un mesmo documento de pago para varios documentos de gasto, deberase fotocopiar o documento de pago tantas veces como documentos de gasto aos que faga referencia, e achegarase a cada un dos documentos de gasto unha copia do devandito documento de pago.
 - f. Non se admiten os pagos en efectivo.
 - g. Os xustificantes bancarios de pago deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pago agrupado), deberase remitir unha desagregación dos pagos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.
- C. Xustificante das axudas obtidas ou declaración das solicitadas ou que se prevé obter para o mesmo investimento en calquera outra administración, entes públicos ou persoais, nacionais ou internacionais; indicando a súa contía.
- D. Certificados acreditativos de estar ao corrente nos deberes tributarios e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma consonte ao artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.
- E. A Xunta de Galicia resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.
- 

SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

Conforme ao establecido no artigo 37º.c. do Decreto 11/2009 que establece o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, establécese a compatibilidade da axuda concedida neste convenio con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda sempre e cando non estean financiando os mesmos importes dos gastos imputados ao obxecto deste convenio. En consecuencia, a beneficiaria detallará o custo imputado a este convenio das partidas económicas da cláusula SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 11º, apdo. d) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia a FCTGG deberá cumprir co deber de comunicar á Dirección Xeral de Enerxía e Minas cantas axudas, subvencións, ingresos ou recursos sexan obtidas para financiar adicionalmente estas mesmas actividades.

OCTAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E COORDINACIÓN

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación.

A Dirección Xeral de Enerxía e Minas e a Fundación Centro Tecnolóxico de Granito de Galicia, nomearán cada unha dous representantes para formar parte da referida Comisión de Seguimento e Coordinación. Un dos representantes da Dirección Xeral de Enerxía e Minas actuará como Presidente desta Comisión.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

- a) Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.
- b) Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
- c) As que sexan precisas para garantir a correcta execución do Convenio.

NOVENA.- CONTROL

A Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas a función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ternos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e ao deber de facilitar toda a información que estas lle requiran conforme ao artigo 40.1.h) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

DÉCIMA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e esténdese ata o 31 de decembro de 2018. Consonte ao recollido na cláusula terceira apartado A), admitiranse actividades do presente convenio anteriores á súa sinatura levadas a cabo dende o 1 de xaneiro de 2018.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións. Así mesmo estarase ao disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre subvencións. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro público de axudas, subvencións , e convenios comprensivos destas, de conformidade co establecido no artigo 3 do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

DÉCIMO SEGUNDA.- INEXISTENCIA DE RELACION LABORAL COA CONSELLERÍA



A subscripción do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos intereses de demora correspondente desde o momento do pago de toda a subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro das determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

1. A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
2. O incumprimento do deber da xustificación do investimento realizado.
3. O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no mesmo.
4. O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
5. O acordo mutuo das partes.



Así mesmo, no caso de que algunha das partes estivese interesada na resolución do acordo con anterioridade á finalización do prazo de vixencia, deberá comunicalo de forma fidedigna á outra

parte con trinta (30) días naturais de antelación estando obrigada, en todo caso, a realizar aquelas actuacións ás que se comprometese con terceiros por motivo da execución do convenio.

En caso de resolución, a FCTGG terá dereito a que se lle reembolsen os gastos xustificadas con anterioridade á data de resolución.

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

O presente convenio ten carácter administrativo. Correspóndelle ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria a interpretación, modificación, resolución e nulidade do mesmo e a resolución das dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos tomados neste sentido inmediatamente executivos. Asemade, derivada da súa relación de entidade subvencionadora, correspóndelle ao conselleiro a potestade de acordar o reintegro das cantidades percibidas.

As posibles cuestión litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO E REINTEGRO DA AXUDA

- 
1. Producirase a perda do dereito ao cobro da axuda ou, no seu caso, procederá o reintegro da mesma cos intereses correspondentes, nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
 2. O reintegro das axudas rexeráse polo establecido no Título II da Lei de subvencións de Galicia e no Título V do Regulamento da devandita Lei.
 3. Na gradación dos posibles incumprimentos que determinen a perda do dereito ao cobro ou o reintegro das axudas, teranse en conta os seguintes criterios:
 - a) Cando o cumprimento polo beneficiario aproxímese de modo significativo ao cumprimento total e acredítese por este unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos seguintes criterios de proporcionalidade:
 - a. O incumprimento dos obxectivos parciais ou actividades concretas da actuación levará a devolución daquela parte da axuda destinada ás mesmas.
 - b. A realización de gastos fora do prazo de execución, supoñerá a devolución das cantidades investidas fora de prazo.
 - c. A non presentación das correspondentes xustificacións, de acordo co establecido na cláusula oitava do presente convenio, levará a devolución das cantidades percibidas e non xustificar, logo do requirimento establecido no punto 2, artigo 45 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
 - b) O incumprimento total e manifesto dos obxectivos establecidos no presente convenio será causa de reintegro total da axuda.

DÉCIMO SEXTA.- SUPLETORIEDADE

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto normativo para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e en todo o non recollido nelas aplicárase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e demais normas de dereito administrativo.

DÉCIMO SÉTIMA.- AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Lendo o presente convenio e, en proba de conformidade asínase por todas as partes, por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

Pola Consellería de Economía,
Emprego e Industria



F.º 2018.01.01 José Conde López

Pola Fundación Centro Tecnolóxico do
Granito de Galicia



José Ángel Lorenzo Ramírez